

CIG-SAÚDEinforma


A raíz das denuncias presentadas polo sindicato CIG-SAÚDE, o xoves, 27 de abril, a inspectora de traballo visitou o hospital Clínico, para comprobar o estado das instalacións, circuítos de traballo,...Pois ben, achegásmoche un breve resumo.

CIG-SAÚDE leva denunciando, dende antes e durante a pandemia da COVID-19, a **obsolescencia**, a **falta de planificación**, de **previsión e realización** de cousas básicas e elementais para unha seguridade dos profesionais nos postos de traballo. Denuncias feitas nas xuntanzas coa Xerencia, no Sergas, en Inspección de traballo, publicamente, etc. Con todo, convén reflexionar cal é a función da unidade de protección de riscos laborais, xa que, ou hai defensa da seguridade e saúde dos/as traballadores/as ou hai delegacións de funcións (servilismo).

Tomou nota dos **vestiarios das plantas -5, -4 e -1**, do estado no que se atopaban: Roupa amoreada e colgada fóra dos armarios por non dispoñer os profesionais de vestiario propio.

Do problema da auga quente e da dificultade que implica ducharse coa temperatura adecuada.

Da masificación de armarios dentro dos vestiarios, amoreados nos lugares de paso como de aseo. E vestiarios improvisados en calquer sitio,...



Tamén comprobou no **servizo de lencería**, en que consiste a recollida de uniformidade dos profesionais, así como o circuítos de dispensación da mesma, tanto para persoal eventual como fixo. E fíxose eco das múltiples queixas ao respecto por parte dos profesionais das distintos servizos, da falta de planificación e organización por parte da Dirección do hospital.

Por outra banda, percorreu os **servizos de Urxencias de Pediatría e Urxencias de Adultos**, para observar si cumprían coa normativa os circuítos de seguridade, incluída a nova sala de urxencias de adultos onde comprobou "in situ" as súas deficiencias.

Para continuar o percorrido pola **UCI-A**, comprobando ela mesmo, a situación da unidade de cuidados intensivos denunciadas polos seus profesionais que acabou nunha folga como ben sabedes.

Para rematar no laboratorio de **Anatomía Patolóxica**, onde obsevou detidamente a sala de **tallado e de rutina** (obxecto da denuncia xunto coa área de autopsias) así como do estado das instalacións.

En definitiva, agora agardemos polo **requirimento** que lle efectúe **Inspección de Traballo** a Xerencia, co fin de corrixir as deficiencias que levamos denunciando e así os profesionais poidan traballar en condición seguras o que proporcionara mellor calidade nos cuidados que se prestan.

Así pois, fica claro que as nosas denuncias eran e continúan a ser correctas. Froito de todo o esforzo e do traballo coherente realizado para así garantir a seguranza e saúde dos e das profesionais.